

PROMESAS DE NADAL

Este Nadal xa son maior,
teño as cousiñas máis claras,
quero facer unhas promesas
para cumprilas e berralas.

Esta Noiteboa é sábado,
e ese día vou prometer
estar máis coa miña familia,
que sempre estamos a correr.

Para o domingo vintecinco,
a miña promesa non falla,
quero ser máis solidaria
e repartir amor a esgalla.

O día de Aninovo
a miña promesa é sinxela,
prometo ler máis libros,
tanto aventuras como novelas.

O día dos Reis Magos
tamén toca prometer,
aínda que de seguro
tamén tocará agradecer.

Agradecer a quen me quere,
a quen me apoia e me axuda,
agradecer a quen me ensina,
a quen me protexe e me atura.